

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 21 de xuño de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e un de xuño de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(678).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 7 de xuño e extraordinarias e urxentes do 10, 11 e 12 de xuño de 2013. Deberán incorporarse ao libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. alcalde-presidente.

2(679).- PROXECTO DE CONVENIO COA SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO PARA A CELEBRACIÓN DE ACTOS CULTURALS E DIVULGACIÓN DA MÚSICA ENTRE TODA A SOCIEDADE VIGUESA. EXPTE. 9704/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 22-05-2013, do técnico de Admon. Especial, conformado polo concelleiro-delegado, vistos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal de datas 11 de abril e 12 de xuño, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o texto do proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Filarmónica de Vigo, sobre actividades culturais, de

carácter musical destinadas ao coñecemento e difusión da música en xeral, durante o ano 2013.

Segundo.- Autorizar o gasto segundo o expresado na cláusula 4ª a favor da Sociedade Filarmónica de Vigo por unha contía de 18.000 euros con cargo á partida 912.0.489.00.04 "OUTRAS SUBVECTIONS". O pagamento á Sociedade Filarmónica de Vigo realizarase contra a presentación da memoria de avaliación da programación, correspondente ás actividades a realizar, presentada semestralmente xunto coa achega dos xustificantes de pago establecidos no convenio .

CONVENIO DE COLABORACION DO CONCELLO DE VIGO E SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO PARA CELEBRACIÓN ACTIVIDADES DE FOMENTO DA MÚSICA.

Na cidade de Vigo, o de dous mil trece

Dunha parte D. ABEL CABALLERO ALVAREZ, Alcalde do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, Praza do Rei 2,

Doutra parte D AVELINO M SAN LUIS COSTAS Presidente da Sociedade Filarmónica de Vigo CIF núm G 36652881 e enderezo social na rúa Camelias 52 Baixo da cidade de Vigo.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para outorgamento deste convenio, e ao efecto.

EXPOÑEN

Que a Sociedade Filarmónica de Vigo é unha entidade se ánimo de lucro con case que un século de existencia ,que se adica á difusión da música entre a sociedade, mediante a programación de Concertos e outras actividades, fomentando deste xeito o coñecemento a afección á música tanto cultural coma socialmente.

A Alcaldía de Vigo, coñecedora das ditas actividades e accións, desexa promover e colaborar na súa execución, coma un medio de promoción da música na Cidade.

As dúas partes recoñécense como axentes determinantes da oferta e desenvolvemento cultural da cidade, polo que consideran necesaria a coordinación e participación neste proxecto.

Deste xeito a Alcaldía do Concello de Vigo e a Sociedade Filarmónica

ACORDAN

PRIMEIRA.- O presente convenio-subvención subscríbese có obxectivo de articular a colaboración do Concello de Vigo con a Sociedade Filarmónica de Vigo nas actividades culturais e de promoción da música , que organiza esta entidade.

SEGUNDA.- Corresponderalle á Sociedade Filarmónica todo o referente á planificación e organización das actividades desenvolver.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo figurará adecuadamente en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades , aparecendo expresamente có seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador, de todas as actividades realizadas por esta sociedade no ano 2013. A Sociedade Filarmónica de Vigo achegará probas deste material para conformidade do Concello de Vigo e o do seu logotipo.

CUARTA.- A Sociedade Filarmónica aportará a Alcaldía 50 entradas sen custo, para todo os seus concertos e actividades , como contribución as intencións deste Convenio . Tamén facilitará

gratuitamente a todos los alumnos e alumnas dos conservatorios e escolas de música de Vigo, a todos los concertos organizados pola sociedade.

Asemade a devandita Sociedade ofrecerá ó Concello a súa experiencia e infraestrutura en todas las actividades relacionadas con este Convenio que o Concello considere.

QUINTA.- O Concello de Vigo aportará a este Convenio a cantidade de 18.000 Euros en concepto de colaboración, con cargo a partida 912.0.489.00.04 (Outras subvencións). O pago a Sociedade Filarmónica de Vigo realizarase contra a presentación da memoria de avaliación da programación correspondente as actividades a realizar, presentada semestralmente e a achega dos xustificantes de pago a que se refire a seguinte cláusula.

SEXTA.-Para a tramitación do pago do importe da axuda do presente convenio a Sociedade Filarmónica deberá achegar antes do 10 de decembro de 2013, ademais da memoria que recolla as actuacións, os seguintes xustificantes acreditativos dos gastos vencellados ao proxecto do presente convenio coas seguintes especificidades:

- 1. Facturas orixinais que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo, neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos relacionados directamente ó obxecto do presente convenio.*
- 2. Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado da factura orixinal.*

Tamén serán admitidos aqueles gastos vencellados con este convenio que poidan ser xustificados a través de documentos orixinais que xustifiquen o valor provatibo do gasto en base á eficacia administrativa do mesmo.

- 3. En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vencellados de forma directa co obxecto deste convenio, e sen que sexa necesario facer constar de forma expresa se os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinada neste convenio.*
- 4. Asemade, coa xustificación deberá entregarse unha declaración actualizada sobre a percepción ou non, por parte do beneficiario, doutras axudas para as actividades obxecto deste convenio, así como a indicación do importe e procedencia doutros fondos e recursos cos que fose financiada a actividade.*
- 5. O pago realizarase semestralmente unha vez presentados os xustificantes establecidos no nº 1 desta cláusula.*

SĒTIMA.- O seguimento deste convenio realizarase por unha comisión mixta na que figurarán o concelleiro-delegado de Réxime Interior e a Secretaria da devandita Sociedade ou persoas nas que deleguen, así como un representante técnico de ambas entidades.

OITAVA.- O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2013. O incumprimento dos acordos estipulados neste convenio poderá significar a súa cancelación. Previamente as partes comunicaranse esa intención cunha antelación de 15 días.

NOVENA.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo queda facultada para solucionar as controversias derivadas da execución deste convenio e o concelleiro delegado de Réxime Interior para adoptar as medidas que contribúan o seu cumprimento e desenvolvemento,

En proba de conformidade asinan por triplicado exemplar e a un só efecto o presente convenio na data arriba indicada.

3(680).- DAR CONTA DE SENTENZAS E AUTOS:

Dáse conta das seguinte Sentenzas, Autos e Decretos remitidos por Asesoría Xurídica:

a) Sentenza do TSXG no recurso de apelación nº 125/2013 interposto polo CONCELLO DE VIGO contra sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, RC-A nº 90/2012 p.a. en relación coa promoción a administrativos (OEP 2008). Desestimada a apelación.

b) Sentenza do X. Primeira Instancia nº 9 de Vigo no Procedemento Ordinario nº 299/2012 interposto por "OBRAS Y CONSTRUCCIONES ALÉN, S.A.". Obxecto: acción reivindicatoria sobre 2 prazas de garaxe (R. Rep. Argentina nº 279 e 295). Obxecto de subhasta pública pola Recadacion Executiva do Concello por débedas tributarias de VICONSA. Desestimado.

c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 91/2013 p.a. interposto por D. RICARDO OUTEIRIÑO MÍGUEZ. Obxecto: Resolución do TE-A do Concello de Vigo. Dilixencia de embargo en vía executiva por diversos tributos. Desestimado o recurso.

d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 99/2013 p.a. interposto por D. OLIMAR GIRALDO MARTÍNEZ. Obxecto: Resolución do 18.10.2012. Sanción de tráfico. Estimado o recurso.

e) Sentenza do X.do Social nº 1 de Vigo no RC-A nº 75/2013 p.o. Interposto por D^a M^a Pilar Reboiras Mariño. Obxecto: Acción de reclamación de cantidades. Expte.: contrato de servizos, vixilancia da XMU. Estimado o recurso.

f) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 319/11 p.o. (e 113/2012 acumulado) interposto por "VICTORIANO MOLDES RUIBAL, S.A." Obxecto: XGL 22/11/2010 (e 23/12/2010, 19/05/2011, 17/06/2011 e 27/01/2012).Expte.: Expediente de liquidación de contrato... Plaza Elíptica. Estimado parcialmente o recurso.

g) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 79/2013 P.A. interposto por D. Marcos Rivas García. Obxecto: Desestimación presunta reclamación patrimonial Expte.: 3670/243. Rematado o procedemento.

h) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 124/2010 p.o. interposto por "MIGUEL A. ÁLVAREZ ÁLVAREZ CONSTRUCTORA GALEGA, SLU" Obxecto: Resolución do 8 de xullo de 2010 (en reposición). Reclamación pagamento obras viarias. Desestimado o recurso.

i) Sentenza do Xulgado Social nº 4 de Vigo no Recurso MSCT nº 355/2013. Demandante: D. CARMELO MANUEL MORALES PÉREZ, Obxecto: Accións e peticións en relación co posto de enxeñeiro superior. Estimada a excepción de inadecuación do procedemento.

k) Sentenza do TSXG , Sala do C-A, Sección 4ª, cuestión de ilegalidade nº 15166/2013 interposto por VODAFONE ESPAÑA S.A. contra artigos da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación do dominio publico local a favor de empesas explotadoras de servicios de telefonía móvil. Estimado o recurso.

l) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 113/2012 P.O.Demandante: "TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A." Obxecto: Resolución do TE-A do 20/01/2012 e recurso indirecto contra OF. Nº 35. Expte.: 2462/550 (liquidación taxas por utilización do demanio...). Rematado o procedemento.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda informada.

4(681).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 57.370,93 € A FAVOR DE EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A. POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE APOIO Á UAD CEDRO- MAIO 2013. EXPTE. 1988/315.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta do 07-05, da técnica de Servizos Económicos de Política de Benestar, conformado polo xefe da área e pola concelleira-delegada; visto o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 57.370.92 euros, a favor de EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A. (CIF: A-79022299), pola prestación dos servicios de apoio á unidade asistencial de drogodependencias CEDRO durante o mes de maio de 2013.

Segundo.- Imputar o gasto de 57.370.92 euros a partida orzamentaria 3133.2279901 "Servicio Metadona", minorando dito importe do RC 201300026160 de 114.741.84 euros.

5(682).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMIENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN SERVIZO DE INFORMACIÓN XUVENIL. EXPTE. 3827/336.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o 12.06.13, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Tomar coñecemento das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación respecto dos licitadores seguintes:

- Na sesión celebrada o día 17-04-2013; a oferta presentada por EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A.: excluída por non ter acreditada a solvencia técnica xa que nos certificados presentados non se acreditan a execución de traballos similares aos do obxecto do contrato na cuantía esixida no prego de cláusulas administrativas (216.000 euros no conxunto dos tres últimos anos.) O certificado emitido pola Concelleira de Servizos Sociais de Santiago de Compostela non desglosa o importe o prezo do servizo “do punto de encontro juvenil” respecto das outras prestacións que non teñen que ver co obxecto deste contrato. En canto o certificado da Deputación de Xaén é insuficiente en canto a cuantía xa que o importe correspondente ao ano 2010 (o ano 2009 non esta dentro dos últimos tres anos) é de 37.623,35 euros.

- Na sesión celebrada o día 22-05-2013; oferta presentada por Arasti Barca, S.L. xa que a puntuación obtida pola empresa no criterio de valoración “Proxecto de Execución” (4 puntos) non obtén a puntuación mínima (10 puntos) esixida no apartado 8.E das Follas de Especificación do Contrato anexas ao prego de cláusulas administrativas particulaes.

SEGUNDO.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación do servizo de información xuvenil (expediente 3827-336), no seguinte orde decrecente:

- Xoma Iniciativas Sociais, S.L. 100 puntos.
- Concepción Cuña Pérez 48,14 puntos.

TERCEIRO.- Requerir ó licitador clasificado en primeiro lugar Xoma Iniciativas Sociais, S.L. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Documentación acreditativa de dispor efectivamente os medios personais esixidos no apartado 6 E) das Follas de Especificacións do Contrato (FEC) anexas ao prego de cláusulas administrativas particulares.

CUARTO.-Requirir ó citado licitador o aboamento de 623,24 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

QUINTO.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

6(683).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA Á FUNDACIÓN LBEIN CONSTITUÍDA PARA RESPONDER DA ELABORACIÓN DO MAPA DE RUÍDOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 4231/241.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta de data 05-06-13, do xefe da oficina administrativa de Contratación, visto así mesmo o informe da Intervención Xeral Municipal de data 03-06-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a FUNDACIÓN LBEIN a garantía de 4.320 euros constituída para responder da elaboración do mapa de ruídos do Concello de Vigo, xa que foi recibido mediante acta de 26 de decembro de 2007, executado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e, por transcorrer-lo prazo de garantía.

7(684).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A TEATRO ENSALLE S.L.L. E PROXECTO DE CONVENIO PARA A REALIZACIÓN DA “PROGRAMACIÓN DE TEATRO ENSALLE-PRIMEIRO SEMESTRE 2013. EXPTE. 14275/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 04-06-13, do xefe do servizo de Cultura e Bibliotecas, conformado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción cultural e polo concelleiro-delegado de área; vistos os informes xurídico e da Intervención Xeral Municipal de datas 11 e 18 de xuño de 2013, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a concesión directa da subvención de 7.200€ (sete mil dous-centos euros) á TEATRO ENSALLE S.L.L., CIF. B36920247, para o financiamento da “Programación de Teatro Ensalle, Primeiro Semestre 2013”, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á partida 3340.470.00.04 “PROGRAMACIÓN TEATRAL CONV. TEATRO ENSALLE”, que figura no presuposto do Concello de Vigo.

Segundo.- Aprobar o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e TEATRO ENSALLE S.L.L. que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa “Programación de Teatro Ensalle, Primeiro Semestre 2013.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E TEATRO ENSALLE S.L.L., RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE TEATRO ENSALLE, PRIMEIRO SEMESTRE 2013”

En Vigo, a _____ de _____ de dous mil trece

REÚNENSE

A Concellería de Cultura, Festas e Museos (en adiante Concellería), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeada polo decreto de delegación da Alcaldía de data 7 de febreiro de 2013 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de febreiro de 2013; con enderezo na Praza do Rei s/n, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, o D. Pedro Martínez-Fresneda Martínez, na súa condición de administrador solidario da empresa Teatro Ensalle S.L.L. (CIF: B-36920247), actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle otorga a escritura de constitución da sociedade outorgada ante o notario D. Miguel Lucas Sánchez, tal como figura nos arquivos desta concellería; e con enderezo na rúa Chile, 15 CP36202 da cidade de Vigo, en adiante a EMPRESA.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

PRIMEIRO.-

Que a Concellería considera de interese social e cultural a “Programación de teatro Ensalle, primeiro semestre 2013”, toda vez que este complementa á programación cultural propia do Concello de Vigo e contribúe a dotar a cidade dunha programación teatral estable posibilitando unha maior proxección exterior da cidade e a súa actividade cultural no conxunto do Estado e norte de Portugal.

SEGUNDO.- De acordo coa planificación e execución programática realizada pola Concellería para o 2013, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxetivos, non é posible promover a concorrencia, polas especiais características da entidade coa que se convenia.

A tal fin, e en función desta singularidade, o Concello de Vigo prevé no seu vixente orzamento, na partida 3340.470.00.04 “PROGRAMACIÓN TEATRAL CONV. TEATRO ENSALLE”, a concesión dunha subvención nominativa por importe de 7.200 €, a favor da devandita entidade, a cal foi aprobada por acordo da XGL.....

TERCEIRO.- A Empresa, é unha entidade inscrita no Rexistro Mercantil de Pontevedra, e tal e como establecen os seus estatutos ten como obxecto social “Sala de teatro e academia de ensino de teatro”.

CUARTO.- Que a EMPRESA ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción e difusión das artes escénicas en xeral, promovendo o evento “Programación de teatro Ensalle, primeiro semestre 2013” e, que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.

QUINTO.- Que a EMPRESA reúne a condición de beneficiario da subvención de acordo cos requisitos establecidos no art. 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e declara non estar incurso nas prohibicións ou circunstancias previstas no apartado 2 e 3 do citado artigo. Ae mesmo

ten achegado a documentación que acredita que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segunda resulta das declaracións responsables e certificacións positivas que figuran no expediente.

SEXTO.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización do do devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Concellería e a EMPRESA para desenvolver o programa de actividades do Programa de teatro Ensalle, primeiro semestre 2013" que se detalla na documentación aportada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 45.700,16 € (corenta e cinco mil setecentos con dezaseis), financiándose os mesmos mediante as achegas de 7.200 € do Concello de Vigo (15,75 %), de 6.000€ por billeteira (13,13 %) e outros patrocinios Xunta (AGADIC) 12.000 € (26,25 %), Ministerio de Cultura (Inaem) 17.000€(37,19 %), Aportación Empresa 3.500,16 € (7,66 %).

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

Lugar: sala de teatro Ensalle, r/. Chile, nº 15

Programación de teatro Ensalle, primeiro semestre 2013:

1,2,3 de Febreiro de 2013

"Recuerdo" Cía. Provisional Danza& Shun Project (DANZA) Madrid-Hokaido.

Estrea en Galicia, premio nacional de danza 2007. Coproducción España-Xapón.

8,9,10 de Febreiro de 2013

"I'm alone, Like You" Cía. Patos Calvos (teatro).Asturias

Estrea en Galicia.

15,16,17 de Marzo de 2013

"Pequeño gesto" Cía. Cambaleo Teatro (teatro). Madrid

Estrea en Galicia.

5,6,7 de Abril de 2013

"28 buitres vuelan sobre mi cabeza" Cía. Lucas Cranach/Carlos Marquerie (teatro). Madrid.

Estrea en Galicia.

14 de Abril de 2013

Concerto, espectáculo, performance Cía. Mónica de Nut e Virgilio Da Silva (música/teatro). Galicia

19,20,21 de Abril de 2013

"Atlas, el gigante y la vértebra" Cía. elena Córdoba (DANZA). Madrid
Estrea en Galicia.

26,27,28 de Abril de 2013

"Dust and water" Cía. Camille Hanson (DANZA). Madrid.
Estrea en Galicia.

25 e 26 de Maio de 2013

"Vacio / Garabato" Cía. Alba Fernández / Andrea Quintana (DANZA). Galicia
Estrea en Galicia.

31 de Maio, 1, 2 de Xuño de 2013

"Fume" Cía. Ángela Blanco (DANZA). Galicia.

Programa especial "Vigo en bruto".: -

7,8,9 de Xuño de 2013

"Retrovisor" Cía. antía Otero e Isaac Garabatos (TEATRO). Galicia.

14,15 e 16 de Xuño de 2013

"Otro yo mismo" Cía. Martina Martínez Barjacoba & Gaia Ciani (TEATRO). Galicia.

28,29,30 de Xuño de 2013

"Julieta virtual" Cía. Teatro Anómico (TEATRO). Galicia.

CUARTA.- OBRIGAS DE ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA.

1. Todas as actividades, serán organizadas por un equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola EMPRESA, baixo as ordenes de D. Pedro Martínez-Fresneda Martínez que actuará como interlocutor fronte á Concellería.
A tal fin a EMPRESA designará ao persoal máis axeitado para a conformación do equipo que realizará os diferentes programas, en colaboración coas distintas áreas que conforman as actividades.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de sé lo caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude, de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos, (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de selo caso, e demais infraestrutura necesaria para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir cas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do CONCELLO na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar as acción de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Estar en comunicación permanente cos responsables de mantemento da páxina web da Concellería de Cultura e Festas facilitándolle a información necesaria para a difusión do programa programa a través da páxina Vigocultura.org.

7. *A EMPRESA comunicará ao CONCELLO as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen a financiación, no momento en que teña constancia da súa disponibilidad ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).*
8. *A concesión da subvención a EMPRESA implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA,

- *Realizar o seguemento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.*
- *Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.*

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUEMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha Comisión Mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na quen deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á EMPRESA é o servizo de Cultura e Bibliotecas do Concello de Vigo, á quen se informará sobre o desenvolvemento do Programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.

Calquera que sexa o medio de difusión, a EMPRESA adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello ademais das lendas indicadas pola unidade de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa Concellería.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao servizo de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da EMPRESA, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

Asemade a EMPRESA entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación desde o departamento de Cultura.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (rolas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería.

A EMPRESA comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A EMPRESA facilitará ao servizo de Cultura, ca antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, O10, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O CONCELLO xestionará o pagamento á EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final ca rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e o conforme da concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- *Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, no prazo de tres meses dende o remate da actividade, e en todo caso antes do 30 de setembro de 2013.*
- *Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Concellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.*
- *Memoria-avaliación do programa de actividades realizadas, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e resultados obtidos, que deberá incluír como mínimo:
 1. *Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.**

2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión que evidencie a utilización dos logotipos oficiais.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica xustificativa, ca relación clasificada da totalidade dos gastos e ingresos da actividade subvencionada, con indicación de acreedores, conceptos, datas de emisión e importes; acreditando o gasto subvencionable mediante a presentación de facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa).
 - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
 - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data; CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, - agás que xustifique que estea exenta de IVE-.

Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraránse gastos subvencionables, os realizados no 1º semestre do ano 2013 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os costes indirectos imputables á actividade, os costes de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso os costes de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á Empresa é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O Importe das subvencións ou axudas percibidas pola a EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería.

Os técnicos do servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO.

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apareazón e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL.

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.-DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS:

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da Concellería e da Empresa. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizarlos nun futuro indistintamente.

A Concellería resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA: PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA EMPRESA:

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a EMPRESA, e os profesionais ao seu servizo, que vaian desenvolver as actividades previstas e o CONCELLO, del tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA.

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2013, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do CONCELLO, A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a Concellería queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ANEXO Iº

ORZAMENTO DA "PROGRAMACIÓN DE TEATRO ENSALLE, PRIMEIRO SEMESTRE 2013"

Previsión de ingresos	TOTAL	%
Concello de Vigo	7.200,00 €	15,75
Xunta de Galicia	12.000,00 €	26,26
Ministerio de Cultura (danza)	12.000,00 €	26,26
Ministerio de Cultura (teatro)	5.000,00 €	10,94
Billeteira	6.000,00 €	13,13
Aportación Teatro Ensalle	3.500,16 €	7,66
Total Ingresos	45.700,16 €	100

Gastos programa 1º semestre	TOTAL
DIRECTOS	
CACHETS COMPAÑÍAS	5.867,76 €
PUBLICIDADE (TRIMESTRAL)	1.644,72 €
PROGRAMACIÓN MAQUETACIÓN	14.586,00 €
PRENSA COMUNICACIÓN	5.720,00 €
ALUGUERES	5.125,50 €
TOTAL DIRECTOS	32.944,01 €
INDIRECTOS	
PERSOAL DE SALA	3.003,00 €
XESTORIA	1.368,48 €
REDE ESTATAL DE TEATROS	360,60 €
SUBMINISTROS	3.614,39 €
TRIBUTOS	4.234,00 €
GASTOS FINANCIEROS	175,63 €
TOTAL IN DIRECTOS	12.756,14 €
TOTAL = DIRECTOS + INDIRECTOS	45.700,16 €

8(685).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO" PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MEXILLÓN 2013. EXPTE. 5068/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da xefa do Servizo de Festas de data 29-05-13, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción cultural, polo concelleiro-delegado de área e máis pola concelleira de

Facenda; vistos así mesmo os informes xurídico e da Intervención Xeral de datas 04 e 12-06, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas recreativas “El Olivo” para a organización da “Festa do Mexillón 2013”.

Segundo.- Autorizar un gasto por importe de 12.600,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Federación de Peñas recreativas “El Olivo” (CIF G-36.704.666), con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0005 (Convenio Federación Peñas recreativas El Olivo – Festa Mexillón) do programa presupostario de Festas para o exercicio 2013.

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MEXILLÓN 2013

Na Casa do Concello de Vigo, a *dous mil trece*

REUNIDOS

Dunha parte, don Cayetano Rodríguez Escudero, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e acordo da Xunta de Goberno de data 8 de febreiro de 2013.

Doutra, don Balbino Moreira Vállez, como presidente da Federación de Peñas recreativas “El Olivo”, CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na praza dos Galegos Ilustres de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 5068/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a Federación de Peñas recreativas El Olivo ten por fins, entre outros, o fomento e estimulación da cultura, a organización e desenvolvemento de eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en prol do engrandecemento de Vigo. Deste modo, esta entidade vén organizando nos últimos anos a “Festa do Mexillón”, no parque de Castrelos, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.

II.- Que o Concello de Vigo está a organizar o programa de actividades das “Festas de Verán 2013”, que se desenvolve nos meses de xullo, agosto e setembro na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enxalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como os nosos folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

III. Que dende o ano 1996 se asinaron diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.489.0005, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 12.600,00 (doce mil seiscientos) euros, a favor da Federación de Peñas recreativas El Olivo.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa do Mexillón 2013 no parque de Castrelos o vindeiro 1 de setembro.

VI.- Que a entidade Federación de Peñas recreativas El Olivo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 5068/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Federación de Peñas recreativas El Olivo, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Federación de Peñas recreativas "El Olivo" comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo en canto a organización da Festa do Mexillón 2013, que terá lugar no parque de Castrelos, o día 1 de setembro de 2013, e concretamente a:

1º.- Asumir todo o concernente á organización da "FESTA DO MEXILLÓN 2013", achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir o programa presentado.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.

6º.- Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio dos programas.

8º.- Deixar a zona do Parque de Castrelos que se utilice para a festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3º.- Incluir esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa das "Festas de Vigo 2013".

4º.- Conceder directamente á Federación de Peñas recreativas El Olivo, unha subvención por importe de 12.600,00 (doce mil seiscientos euros) co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización da Festa do Mexillón 2013.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase por transferencia bancaria á conta corrente número 2080.5020.01.3040023621, da entidade bancaria NCB BANCO, S.A., da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Festas e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo dun mes a contar desde o remate da actividade subvencionada, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

- a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.
- b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:
 - Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
 - Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
 - As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado

na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarásese en orixinal. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. ou as normas sobre Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo servizo da Concellería de Cultura, Festas e Museos. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2013 e non será prorrogábel.

Décimo oitavo.- O concelleiro da Área de Cultura, Festas e Museos queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

9(686).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA COFRARÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS PARA A ORGANIZACIÓN DO “FESTIVAL POÉTICO-PIROMUSICAL CIDADE DE VIGO- VILA DE BOUZA 2013”. EXPTE. 5066/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 30-05-13, da xefa do servizo de Festas, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción cultural e máis polo concelleiro de área e pola concelleira de Facenda; vistos así mesmo os informes xurídico e da Intervención Xeral de datas 4 e 12 de xuño, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas para a organización do Acto de Apertura do “Festival Poético-piromusical Cidade de Vigo – Vila de Bouzas 2013”, que terá lugar o vindeiro 21 de xullo.

Segundo.- Autorizar un gasto por importe de 8.100,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas (CIF G-36.690.170), con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0011 (Convenio Comisión Festas Bouzas) do programa presupostario de Festas para o vixente exercicio.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CONFRARÍA DO SANTÍSIMO
CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL POÉTICO
PIROMUSICAL DE BOUZAS 2013**

Na Casa do Concello de Vigo, a dous mil trece

REUNIDOS

Dunha parte, don Cayetano Rodríguez Escudero, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e acordo da Xunta de Goberno de data 8 de febreiro de 2013.

Doutra, don Javier Grande Pérez, como confrade maior da Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas, CIF nº G-36.690.170 e enderezo social na rúa San Miguel nº 1 de Vigo (Bouzas), na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente nº 5066/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas ten por fins, entre outros, o de promover as festas anuais de Bouzas, desenvolvendo actos culturais así como contribuír a un destaque das solemnidades litúrxico relixiosas conmemorativas. Deste modo, esta entidade vén ocupándose, dende tempos inmemoriais, da organización, desenvolvemento e execución das festas anuais que se celebran na Vila de Bouzas - Cidade de Vigo, na segunda quincena no mes de xullo, en honra do “Bo Xesús dos Aflixidos”, patrón da Vila, e cuxo programa comprende, tanto actividades lúdicas coma relixiosas. Dentro do dito programa lúdico, e como principal e máis salientábel actividade, véñse celebrando o chamado “FESTIVAL POÉTICO-PIROMUSICAL CIDADE de VIGO - VILA de BOUZAS”, na noite do terceiro domingo de xullo.

II. Que o dito Festival, declarado de interese turístico de Galicia desde o ano 2004, constitúe unha tradición consolidada dentro da oferta cultural e lúdica da cidade de Vigo, sendo o máis relevante dos da súa clase, así coma un dos máis prestixiosos da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto pola calidade e custo da súa execución, o número de espectadores directos do Festival, o seguimento e cobertura mediáticos do mesmo, e a antigüidade da súa celebración,

constituíndose por todos estes motivos nun obrigado referente nas celebracións lúdico-culturais de todo o territorio nacional. En virtude do gran seguimento popular de dito espectáculo, da tradición consolidada na súa celebración, e na constatada mellora ano tras ano da súa calidade e promoción, o Concello de Vigo considera necesario contribuír ó mantemento e financiamento do mesmo, como medio de garantir e conservar un dos signos distintivos da identidade colectiva da cidade de Vigo.

III. Que dende hai oito anos se veñen asinando diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0011, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 8.100,00 (oito mil cen) euros, a favor do Comisión de Festas de Bouzas.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o cofinanciamento polo Concello de Vigo do primeiro dos catro actos nos que se divide o “Festival Poético-piromusical Cidade de Vigo-Vila de Bouzas” denominado “Apertura”.

VI.- Que a entidade Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 5006/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo en canto a organización do Festival Poético-piromusical “Cidade de Vigo – Vila de Bouzas”, que terá lugar en Bouzas na noite do terceiro domingo de xullo (21 de xullo), e concretamente a:

1º.- Asumir todo o concernente á organización das actividades, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir o programa presentado.

2º.- Realizar o “FESTIVAL POÉTICO-PIROMUSICAL” e en especial o acto de “APERTURA”, segundo a programación proposta e o presuposto aprobado.

3º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, tendo comprobado con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

4º.- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades e obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a súa realización.

5º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio dos programas.

6º.- A entidade terá que coordinar co departamento de prensa do Concello todas as presentacións e roldas de prensa previstas obxecto deste convenio e do seu desenvolvemento.

7º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

8º.- Deixar a zona que se utilice para as actividades en perfectas condicións de limpeza e respectando o entorno.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas, unha subvención por importe de 8.100,00 (oito mil cen) euros co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización do acto “Apertura” do “Festival poético-piromusical Cidade de Vigo – Vila de Bouzas”.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente número 2080.5016.07.3040020541, da entidade bancaria NCB BANCO SA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Festas e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Noveno.- A beneficiaria, antes do día 2 de decembro deste ano, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

- a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.
- b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- *Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*
- *Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.*
- *As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentaráse en orixinal. As facturas cumprarán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. ou as normas sobre Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.
En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.*
- *Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*

Décimo.- *Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.*

Décimo primeiro.- *Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.*

Décimo segundo.- *A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada pola Concellería de Cultura, Festas e Museos. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

Décimo terceiro.- *A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura , Festas e Museos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

Décimo cuarto.- *Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.*

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2013 e non será prorrogábel.

Décimo oitavo.- O concelleiro da Área de Cultura, Festas e Museos queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.). Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Cultura e Festas. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ó público.

A tal fin, establececerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

10(687).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NO SERVIZO DE FESTAS NO MES DE MAIO DE 2013. EXPTE. 5137/335.

Cumprindo co establecido na Base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2013, aprobadas polo Pleno con data 30/01/2013, dáse conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no servizo de Festas, autorizados polo concelleiro delegado:

Expte: 5042/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MONTAXE DE CADEIRAS PARA AS ACTUACIÓNS EXTERIORES DE BANDAS DE MÚSICA E CORAIS POLIFÓNICAS

Decreto concelleira data: 07/05/2013

Informe Intervención: RCM 32784

Adxudicatario: VIGO MÚSICA SL

Importe total: 6.500,00 EUROS

Expte: 5072/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN DE PROGRAMAS DE ACTUACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA E CORAIS POLIFÓNICAS

Decreto concelleira data: 20/05/2013

Informe Intervención: RCM 36159

Adxudicatario: ECOVIGO PUBLICIDAD SL

Importe total: 3.389,21 EUROS

Expte: 5101/335. CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO PARA O CONCERTO DE PABLO ALBORÁN NO IFEVI

Decreto concelleira data: 23/05/2013

Informe Intervención: RCM 38111

Adxudicatario: CATEGÓRICA PRODUCCIONES SL

Importe total: 21.780,00 EUROS

A Xunta de Goberno local queda enterada.

11(688).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN A JAVIER LAFUENTE ROIS PARA ORGANIZAR A CARREIRA BENÉFICA “TODOS CON SENEN” O VINDEIRO 21 DE XULLO. EXPTE. 11962/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do director deportivo do IMD de data 10-06-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar a Javier Lafuente Rois con D.N.I. 36.103.072-H, a organizar o vindeiro domingo, 21 de xullo de 2013, a carreira benéfica denominada "TODOS CON SENEN", dita carreira comezará ás 10.00horas e rematará ás 13.30 horas, percorrendo as rúas Jacinto Benavente, Severo Ochoa, Beiramar, Glorieta Berbés, Beiramar ata Eduardo Cabello e Jacinto Benavente.

12(689).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN A ASOCIACIÓN DAS FESTAS DOS LIÑARES PARA ORGANIZAR A "I CARREIRA DOS LIÑARES" O VINDEIRO 27 DE XULLO. EXPTE. 12140/333

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do director deportivo do IMD de data 14-06-13 conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar á Asociación das Festas dos Liñares, a organizar o vindeiro sábado 27 de xullo de 2013, a carreira denominada "I CARREIRA DOS LIÑARES", dita carreira comezará ás 20.00 horas e rematará ás 21.30horas, a saída será do Torreiro dos Liñares seguindo polo Cño. Sistro, Rozo, Avda. Cesáreo Vázquez, Cño Oia, Avda. Cesáreo Vázques, Pozo, Liñares, Avda. Ricardo Mella, Liñarees, Lavandeira, Hermida, baixada a Hermida, Gontade, Estrada Igrexa Roteas-Oia, Cño Mantoca, Rozo, Cesáreo Vázquez, Cño Oia, Camiño Verdilla, Cño.Outeiro, Amariz Loureiro, Verdella, Currás, Pedreira, Fuigueiras, Matoca, Rozo, Sistro e chegada ao Torreiro dos Liñares.

13(690).- PROMOCIÓN POLO CONCELLO DE VIGO DO PROXECTO EMPRESARIAL DENOMINADO "A PERLA ILLAS CIES S.L." COMO INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO (ILE). EXPTE. 9822/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 17-06, do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado "A PERLA ILLAS CIES, S.L." promovida por Olivier Pazos Portela sendo necesario para obtelo a participación municipal, dita participación consistirá no seguinte:

- Apoio pola Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo coa elaboración e estudo, por parte dunha técnica do servizo, dun informe económico de viabilidade do proxecto xunto co seu asesoramento na solicitude e información e asesoramento sobre axudas municipais vixentes.
- Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.

- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.

- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte. (ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011)

14(691).- PROMOCIÓN POLO CONCELLO DE VIGO DO PROXECTO EMPRESARIAL DENOMINADO “CLASES COMIC VIGO” COMO INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO (ILE). EXPTE. 9890/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 17-06, do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “**CLASES COMIC VIGO**”, , promovida por María Vilar Costas, sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio pola Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo coa elaboración e estudo, por parte dunha técnica do servizo, dun informe económico de viabilidade do proxecto xunto co seu asesoramento na solite e información e asesoramento sobre axudas municipais vixentes.

- Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.

- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.

- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte. (ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011).

15(692).- PROMOCIÓN POLO CONCELLO DE VIGO DO PROXECTO EMPRESARIAL DENOMINADO “LA MONA CHITA” COMO INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO (ILE). EXPTE. 9821/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 17-06, do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado "LA MONA CHITA, S.L." promovida por Patricia Gestoso Abrain sendo necesario para obtelo a participación municipal, dita participación consistirá no seguinte:

- Apoio pola Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo coa elaboración e estudo, por parte dunha técnica do servizo, dun informe económico de viabilidade do proxecto xunto co seu asesoramento na solicitude e información e asesoramento sobre axudas municipais vixentes.

- Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.

- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.

- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte. (ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011).

16(693).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIÓN COMARCAL CC OO DE VIGO (2013) PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ACTIVIDADES E DE MANTEMENTO DA ENTIDADE PARA O 2013. EXPTE. 6105/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 27-05, da técnica de Xestión, conformado polo xefe do servizo e máis polo concelleiro-delegado e pola concelleira de Facenda; vistos os informes xurídico e da Intervención do 6 e 17 de xuño, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar e dispoñer o gasto por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4890003, denominada "Convenios CC. Sindicais", incluída no vixente orzamento municipal de 2013, a favor do sindicato Unión Comarcal de Comisións Obreiras CC.OO de Vigo.

Segundo.- Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a *Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo* (CIF.- G-15103112), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas e realizadas pola entidade entre o 01/01/13 e o 31/10/13, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos que xerados por aquelas, así como, de mantemento, directamente re-

lacionados, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, conceder á referida entidade, unha subvención de 15.000 € (quinze mil euros).

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIÓN COMARCAL DE COMISSIONS OBREIRAS (CC.OO) DE VIGO, PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2013, ASÍ COMO, DE MANTEMENTO, DIRECTAMENTE RELACIONADOS, NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil trece

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D^a Amelia Pérez Álvarez con DNI 78734833-Z, en calidade de Secretaria de Organización da Unión Comarcal de Comisiones Obreiras (CC.OO) de Vigo, con CIF: G-15103112 e domicilio social na Rúa As Teixugueiras, 11- entresollado, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 6105/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, unións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades

asistenciais, reivindicativas, laborais, informativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo, recoñécelle á cidadanía o dereito constitucional a fundar sindicatos e afiliarse ao da súa elección, así como, aos sindicatos de traballadores e asociacións empresariais o de contribuír á defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, nun Estado Social e Democrático de dereito, no que a participación sindical se considera fundamental.

III.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento de políticas sociais de emprego, integración e orientación laboral e de defensa do dereito fundamental ao traballo, no marco do Estado social e democrático de Dereito, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos asistenciais, informativos e formativos ou de integración, así como, a promoción e organización de accións encamiñadas á representación e defensa dos dereitos dos traballadores e a reivindicación de políticas de pleno emprego, sendo a Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo unha das máis importantes asociacións neste ámbito.

IV.- Que a entidade Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo, de conformidade co coa "definición de principios" e art. 1 dos Estatutos de S.N. de CC.OO de Galicia, asume, entre os seus principios e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Defender das reivindicacións dos/as traballadores/as, sen discriminación
- ✓ Impulsar e desenvolver a igualdade de oportunidades, así como, combater a discriminación que, por razón de sexo, se produza
- ✓ Desenvolver accións positivas nas relacións laborais e condicións de traballo, así como, na consecución dunha representación equilibrada de homes e mulleres en todos os niveis
- ✓ Reivindicar a mellora das condicións de vida e de traballo de todos/as os/as traballadores/as
- ✓ Defender, especialmente, as reivindicacións das mulleres, da xuventude, das persoas maiores, da saúde laboral, do medio ambiente o do pacifismo, co fin de eliminar calquera discriminación baseada no sexo, na idade , a raza, a orixe étnica e as conviccións políticas e relixiosas, así como, por calquera outra circunstancia persoal ou social
- ✓ Apoiar as reivindicación específicas das persoas emigrantes e dos/as traballadores/as estranxeiros que traballan en Galicia
- ✓ Orientar a súa actividade ao exercicio efectivo do dereito dos traballadores a un emprego estable, á plena protección social, á mellora das condicións de traballo e emprego da poboación activa, á solidariedade internacional entre traballadores, á integración social e laboral, en especial, dos colectivos suxeitos a condicións de exclusión, á mellora das condicións de vida e a promoción sociocultural, á consecución da igualdade de trato e oportunidades entre homes e mulleres, (...)

V.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 30/09/96, a Unión

Comarcal de Comisi3ns Obreiras (CC.OO) de Vigo at3pase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen 3nimo de lucro do Concello de Vigo co n3mero 487/96.

VI.- Na vontade de afondar nas s3as relaci3ns, o Concello de Vigo establece as canles de participaci3n necesarias para que a Uni3n Comarcal de Comisi3ns Obreiras (CC.OO) de Vigo leve a cabo os seus proxectos planificadas para o ano 2013, en particular, as realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2013 segundo memoria achegada, que constit3en o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos xerados polas s3as actividades, as3 como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento.

VII.- As actividades programadas pola Uni3n Comarcal de Comisi3ns Obreiras (CC.OO) de Vigo para o 2013, que fundamentan a concesi3n da subvenci3n son, con car3cter xeral, segundo proxecto e orzamento incorporado ao expediente:

ACTIVIDADES E ORZAMENTO GASTOS 2013 (XANEIRO-OUTUBRO)		
Servizo de Atenci3n Cidad3		21.016,17 €
Xornadas	“Unha sociedade de xustiza”	692,50 €
	“O ensino do futuro do pa3s”	692,50 €
	“Miner3a a ceo aberto”	692,50 €
TOTAL		23.093,67 €

VIII.- Que o Concello de Vigo prev3, no capitulo IV (“Transferencias correntes”) do seu vixente orzamento municipal (2013), a partida orzamentaria n3 9240.4890003, denominada “Convenios CC. Sindicais”.

IX.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xu3o, de Subvenci3ns de Galicia, o convenio 3 o medio polo que se canalizan as subvenci3ns tramitadas polo procedemento de concesi3n directa, nos que se establecen as condici3ns e compromisos aplicables, os intervenientes, concl3en o presente convenio ao fin de regular os termos da concesi3n, cuxo obxecto 3 o fomento das actividades da entidade entre o 01/01/13 ao 31/10/13, mediante a colaboraci3n no financiamento dos gastos xerados polas mesmas, as3 como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento.

X.- Que a entidade Uni3n Comarcal de Comisi3ns Obreiras (CC.OO) de Vigo non est3 incurso en ningunha circunstancias e prohibici3ns recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvenci3ns (LXS), para obter a condici3n de beneficiaria da subvenci3n, at3pase ao corrente das s3as obrigas tributarias coas administraci3ns estatal, auton3mica e local, e fronte a Seguridade Social, e non 3 debedora por resoluci3n de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaraci3ns responsables e certificaci3ns incorporadas ao expediente.

XI.- Que, en base as precedentes consideraci3ns e ao interese p3blico, social e econ3mico que, para a cidade de Vigo, representan as actividades que desenvolve a entidade Uni3n Comarcal de Comisi3ns Obreiras (CC.OO) de Vigo, o Concello de Vigo e a devandita asociaci3n conve3en a s3a colaboraci3n, no 3mbito sociocomunitario, e a celebraci3n deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

- 1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.*
- 2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.*
- 3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- 4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*
- 5. Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.*
- 6. As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.*
- 7. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, a balance económico anual.*
- 8. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.*
- 9. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.*
- 10. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- 1. Conceder directamente á entidade Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo unha subvención por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890003, denominada "Convenio CC. Sindicais", do vixente orzamento municipal (2013), co obxecto de colaborar ao financiamento dos gastos xerados polas actividades da entidade comprendidas entre o 01/01/13 e o 31/10/13, así como, de mantemento, directamente relacionados con aquelas, necesarios para o seu desenvolvemento, en definitiva, para o fomento das súas actividades.*
- 2. Respectar a estrutura organizativa da Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo.*

3. Colaborar, no seu caso, na orientación e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. *Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.*
2. *Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou disfrute da subvención e, no se caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.*
3. *Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.*
4. *Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.*

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización, por si mesma, das actividades subvencionadas.

Sexto.- A presente subvención está suxeita ao requisito de publicidade no diario oficial correspondente, de conformidade co art. 18.1 da Lei Xeral de Subvencións.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe darlle a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto de subvención, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da

sede social da entidade, con carácter permanente durante a vixencia do convenio, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades do sindicato para o 2013.

Oitavo- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 2 de novembro de 2013.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) *Solicitud de abono da subvención.*

b) *Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:*

1. *Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
2. *Datas e lugar de celebración.*
3. *Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
4. *Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
5. *Actuacións realizadas.*
6. *Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
7. *No seu caso, memoria de prensa e comunicación*
8. *No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
9. *Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento*

c) *Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención.*

d) *Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta que:*

- *os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención*
- *os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.*

- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albaráns....
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de retención e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non

será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.*

h) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa. Así mesmo, no taboleiro de anuncios da entidade, estará visible, durante a vixencia do convenio, cartel indicativo de que o Concello de Vigo colaborou no fomento das actividades da entidade levadas a cabo no 2013 entre xaneiro e outubro.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5040 53 3040011880 (Novagalicia Banco)

Noveno- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2013, no período comprendido entre o 01/01/13 e o 31/10/13.

Décimo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo sexto.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2013, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

17(694).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DÉFICIT DE ATENCIÓN - ANHIDA” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL PARA O ANO 2013. EXPTE. 6074/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 27-05-13, da técnica de Xestión, conformado polo xefe do servizo e máis polo concelleiro-delegado e pola concelleira de Facenda; vistos os informes xurídico e da

Intervención Xeral de datas 07 e 14 de xuño de 2013, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar e dispoñer o gasto por importe de 4.000 € (catro mil euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.48900002, denominada “Subvencións locais asociacións sen ánimo de lucro”, incluída no vixente orzamento municipal de 2013, a favor da entidade Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención “ANHIDA”.

Segundo.- Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención “ANHIDA” (CIF.- G-36938272), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o período comprendido entre xaneiro e outubro de 2013, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, conceder á referida entidade, unha subvención de 4.000 € (mil euros).

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DÉFICIT DE ATENCIÓN “ANHIDA”, PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, REALIZADAS ENTRE XANEIRO E OUTUBRO DE 2013, MEDIANTE A AXUDA NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil trece

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Ricardo García Díaz, con DNI 36073842-K, en calidade de Presidente da Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" (CIF: G-36938272), con domicilio social na Rúa Conde de Torrecedeira, nº 20- baixo 14, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 6074/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento e apoio á atención e integración social, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos asistenciais, sociais, benéficas, educativos, formativos, así como, a información, promoción e organización de accións encamiñadas orientadas á defensa dos dereitos das persoas con necesidades especiais, sendo a Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" unha das máis importantes asociacións neste ámbito.

III.- Que a entidade Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA", de conformidade co art. 5 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Defender e salvagardar os dereitos das persoas con hiperactividade e déficit de atención.
- ✓ Mellorar a calidade de vida das persoas obxecto da súa atención.
- ✓ Facilitar a integración destas persoas na sociedade, detectando e prevendo condutas antisociais.
- ✓ Potenciar e axudar no seu crecemento e maduración persoal.
- ✓ Dar apoio, orientación e información ás familias afectadas.
- ✓ Fomentar o estudio da hiperactividade e de déficit de atención.
- ✓ Informar, á sociedade en xeral, das características especiais desta problemática.
- ✓ Potenciar o movemento asociativo de país e familiares afectados.
- ✓ Solicitar a colaboración e cooperación a organismo públicos e privados, nacionais e internacionais, para a consecución dos seus fins.
- ✓ Organizar e realizar actividades educativas, asistenciais, benéficas e de formación, necesarias para garantir a atención especializada que se requira (...).

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 08/10/04, a

Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 889/04.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" leve a cabo os seus proxectos e actividades planificadas para o ano 2013, segundo memoria achegada, en particular, as realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2013, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento do local social necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no capítulo IV ("Transferencias correntes") do seu vixente orzamento municipal (2013), a partida orzamentaria nº 9240.4890002, denominada "Subvencións locais asociacións sen ánimo de lucro".

VII.- As actividades programadas pola Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" para o 2013, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de mantemento do local da entidade, son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

- Terapia asistida con perros
- Coaching individual para adultos
- Psicomotricidade
- Charlas en colexios
- Terapias para pais
- Clases de apoio
- Terapia Psicolóxica
- Terapia Psicopedagóxica
- Terapia para adultos

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade realizadas entre xaneiro e outubro de 2013, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de mantemento do local social, necesarios para o seu desenvolvemento, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL (xaneiro-outubro)	
Aluguer local social	15.000,00 €
Electricidade	1.000,00 €
Auga	500,00 €
TOTAL	16.500,00 €

O importe total do orzamento anual de gastos da entidade ascende a 57.419,48 €.

IX.- Que a entidade Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" non está incurso en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal,

autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA", o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, no ámbito socioasistencial, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

- 1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.*
- 2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.*
- 3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- 4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*
- 5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, a balance económico anual.*
- 6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.*
- 7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.*
- 8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- 1. Conceder directamente á entidade Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA" unha subvención por importe de 4.000 € (catro mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890002, denominada "Subvencións locais asociacións sen ánimo de lucro", do vixente orzamento municipal (2013), co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento do local da asociación, necesarios para o*

desenvolvemento das súas actividades entre o 01/01/13 e o 31/10/13, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA".

3. Colaborar na orientación e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita ao requisito de publicidade no diario oficial correspondente, de conformidade co art. 18.1 da Lei Xeral de Subvencións.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

Será requisito necesario que a entidade acredite non incorrer en ningún dos supostos do art. 31.6 LSG.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA".

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe darlle a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto de subvención, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarase, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2013 (01/01/13-31/10/13).

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA", mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 2 de novembro de 2013.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

- 1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
- 2. Datos e lugar de celebración.*
- 3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- 4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
- 5. Actuacións realizadas.*
- 6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
- 7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación*
- 8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
- 9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento*

c) *Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención.*

d) *Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta que:*

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención*
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.*
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impositiva, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.*
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albaráns....*
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.*
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).*
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.*
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.*
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente.*
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de retención e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.*
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a*

acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención

- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE*
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria*
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.*
- cando se xustificuen gastos de aluguer, Modelo 115 de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento*

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- Cando se xustificuen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.*

h) no caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG

i) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5053 61 3040021147 (Novagalicia Banco)

Décimo- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2013, no período comprendido entre o 01/01/13 e o 31/10/13.

Décimo primeiro- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo quinto- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que

se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2013, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

18(695).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 190.987,53 € A FAVOR DE LIMPIEZAS DEL NOROESTE S.A. POLA LIMPEZA DAS DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 163/242.

Examinadas as actuacións do expediente, visto os informes de data 25-02 e 07-06, da técnico de Admon. Especial, conformados pola concelleira-delegada de Patrimonio, visto o informe da Intervención Xeral do 10-06-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aboar en concepto de indemnización substitutiva a empresa Limpiezas del Noroeste S.A., a cantidade de 190.987,53 euros, corresponde ó adebedado á empresa perante o mes de xaneiro de 2013, pola limpeza das dependencias do Concello de Vigo, que se imputarán a partida presupuestaria 9220.2270000.

19(696).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL DE DATA 12.06.2013, RELATIVA A SOLICITUDE DE DISFRUTE DE PERMISOS FORMULADA POLA FUNCIONARIA D^a IOLANDA ALONSO REGUEIRO. EXPTE. 24103/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 12-06-13, da xefa do servizo de RR HH, conformado pola xefa da área de Réxime Interior e así mesmo polo concelleiro-delegado, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 10/05/2013 (documento administrativo nº 360148829M) D^a Iolanda Alonso Regueiro, con nº de persoal 79394, funcionaria municipal con praza de auxiliar de Administración Xeral, solicita, entre outros aspectos, o disfrute do permiso de paternidade de 29 días que entende lle corresponde por constituir unha unidade familiar de carácter monoparental, tal e como se indica na documentación adxunta.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- Para a consideración da viabilidade de disfrute do permiso solicitado, debe analizarse o contexto legal actualmente vixente en materia de permisos, vacacións e licenzas dos funcionarios/as públicos locais, que vén determinada polas normas de excepcionalidade aprobadas polo lexislador estatal básico ao longo dos últimos tempos.

Concretamente, o Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e fomento da competitividade, contempla -entre outros moitos aspectos que inciden directamente na esfera do estatuto dos empregados/as públicos- unha esencial modificación no réxime de permisos, vacacións e licenzas do persoal ao servizo do sector público; así, o artigo 8 da citada norma con rango de lei establece literalmente:

“Modificación de los artículos 48 y 50 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, de Estatuto Básico del Empleado Público y medidas sobre días adicionales

Uno. Se modifica el artículo 48 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público en los siguientes términos:

«Artículo 48 Permisos de los funcionarios públicos

Los funcionarios públicos tendrán los siguientes permisos:

a) Por fallecimiento, accidente o enfermedad grave de un familiar dentro del primer grado de consanguinidad o afinidad, tres días hábiles cuando el suceso se produzca en la misma localidad, y cinco días hábiles cuando sea en distinta localidad.

Cuando se trate del fallecimiento, accidente o enfermedad grave de un familiar dentro del segundo grado de consanguinidad o afinidad, el permiso será de dos días hábiles cuando se produzca en la misma localidad y de cuatro días hábiles cuando sea en distinta localidad.

b) Por traslado de domicilio sin cambio de residencia, un día.

c) Para realizar funciones sindicales o de representación del personal, en los términos que se determine.

d) Para concurrir a exámenes finales y demás pruebas definitivas de aptitud, durante los días de su celebración.

e) Para la realización de exámenes prenatales y técnicas de preparación al parto por las funcionarias embarazadas.

f) Por lactancia de un hijo menor de doce meses tendrá derecho a una hora de ausencia del trabajo que podrá dividir en dos fracciones. Este derecho podrá sustituirse por una reducción de la jornada normal en media hora al inicio y al final de la jornada o, en una hora al inicio o al final de la jornada, con la misma finalidad. Este derecho podrá ser ejercido indistintamente por uno u otro de los progenitores, en el caso de que ambos trabajen.

Igualmente la funcionaria podrá solicitar la sustitución del tiempo de lactancia por un permiso retribuido que acumule en jornadas completas el tiempo correspondiente.

Este permiso se incrementará proporcionalmente en los casos de parto múltiple.

g) *Por nacimiento de hijos prematuros o que por cualquier otra causa deban permanecer hospitalizados a continuación del parto, la funcionaria o el funcionario tendrá derecho a ausentarse del trabajo durante un máximo de dos horas diarias percibiendo las retribuciones íntegras.*

Asimismo, tendrán derecho a reducir su jornada de trabajo hasta un máximo de dos horas, con la disminución proporcional de sus retribuciones.

h) *Por razones de guarda legal, cuando el funcionario tenga el cuidado directo de algún menor de doce años, de persona mayor que requiera especial dedicación, o de una persona con discapacidad que no desempeñe actividad retribuida, tendrá derecho a la reducción de su jornada de trabajo, con la disminución de sus retribuciones que corresponda.*

Tendrá el mismo derecho el funcionario que precise encargarse del cuidado directo de un familiar, hasta el segundo grado de consanguinidad o afinidad, que por razones de edad, accidente o enfermedad no pueda valerse por sí mismo y que no desempeñe actividad retribuida.

i) *Por ser preciso atender el cuidado de un familiar de primer grado, el funcionario tendrá derecho a solicitar una reducción de hasta el cincuenta por ciento de la jornada laboral, con carácter retribuido, por razones de enfermedad muy grave y por el plazo máximo de un mes.*

Si hubiera más de un titular de este derecho por el mismo hecho causante, el tiempo de disfrute de esta reducción se podrá prorratear entre los mismos, respetando en todo caso, el plazo máximo de un mes.

j) *Por tiempo indispensable para el cumplimiento de un deber inexcusable de carácter público o personal y por deberes relacionados con la conciliación de la vida familiar y laboral.*

k) *Por asuntos particulares, tres días.*

l) *Por matrimonio, quince días.»*

Dos. Se modifica el artículo 50 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público que queda redactado de la siguiente manera:

«Artículo 50 Vacaciones de los funcionarios públicos

Los funcionarios públicos tendrán derecho a disfrutar, durante cada año natural, de unas vacaciones retribuidas de veintidós días hábiles, o de los días que correspondan proporcionalmente si el tiempo de servicio durante el año fue menor.

A los efectos de lo previsto en el presente artículo, no se considerarán como días hábiles los sábados, sin perjuicio de las adaptaciones que se establezcan para los horarios especiales.»

Dita norma ten por obxecto, como o propio lexislador sinala na Exposición de Motivos da norma, a homoxeneización do réxime de permisos en todas as Administracións Públicas.

II.- *Nembargantes o antedito, existe unha certa controversia acerca do alcance das ditas previsións legais, toda vez que, segundo o establecido no artigo 142 do Real Decreto Legislativo*

781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, os funcionarios ao servizo da Administración Local se rexen, en materia de permisos, vacacións e licenzas, pola lexislación das Comunidades Autónomas que lles resulte de aplicación na materia.

Para resolver tal dicotomía –toda vez que o Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo, non deroga expresamente o citado precepto do RD Lexislativo 781/1986- debe acudirse a dous aspectos esenciais na aplicación do Dereito:

- a) ás regras de aplicación das normas xurídicas no tempo, derivadas da tradición xurídica romana e concretadas no aforismo latino “lex posterior derogat anterior”. Neste senso, o artigo 2.2 do vixente Código Civil contempla que as leis só se derogan por outras posteriores, tendo a derogación o alcance que expresamente se dispoña e se extenderá sempre a todo aquilo que na lei nova, sobre a mesma materia, sexa incompatible coa anterior. Por tal motivo, enténdese que prevalecería a nova redacción do réxime de permisos dada polo RD-Ley 20/2012, do 13 de xullo.
- b) ao carácter de norma básica da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, recollido tanto na Exposición de Motivos da norma, como nos artigos 1, 2 e 3 da mesma, derivado directa e inmediatamente dos títulos constitucionais habilitantes contemplados no artigo 149.1.18ª da vixente Constitución de 1978, que atribúe en exclusiva ao Estado a competencia para legislar sobre “las bases del régimen jurídico de las Administraciones públicas y del régimen estatutario de los funcionarios que, en todo caso, garantizarán a los administrados un tratamiento común ante ellas; el procedimiento administrativo común, sin perjuicio de las especialidades derivadas de la organización propia de las Comunidades Autónomas; legislación sobre expropiación forzosa; legislación básica sobre contratos y concesiones administrativas y el sistema de responsabilidad de todas las Administraciones públicas”.

En atención a estes dous aspectos, e sen prexuízo de que a dita contradicción legal debería ser resolta polo propio lexislador estatal –derogando expresamente, de estimalo necesario, o artigo 142 do TRRL mentado- pode concluirse a aplicación directa, prioritaria e preferente da lexislación estatal básica en materia de permisos, vacacións e licenzas (artigos 48, 49 e 50 da Lei 7/2007, do 12 de abril) fronte á normativa autonómica (Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Función Pública de Galicia) en todo o que se contradiga co disposto nesta última norma.

O permiso de paternidade solicitado pola Sra. Alonso Regueiro ao abeiro do disposto na lexislación autonómica galega no atopa equivalente no réxime de permisos que, con carácter básico, contempla o artigo 48 da Lei 7/2007, do 12 de abril, que non regula o suposto de disfrute do permiso de paternidade pola nai no suposto de unidades familiares de carácter monoparental, contemplando únicamente o permiso de maternidade, lactancia, coidado de fillos/as prematuros e permiso por coidado de menores ao seu cargo, motivo polo cal entendemos debe ser desestimada a pretensión formulada en canto ao disfrute do citado permiso.

III.- Polo que respecta á solicitude do disfrute dos 7 días de vacacións correspondentes ao ano 2012, permiso por maternidade e á acumulación do permiso de lactancia, e para o caso de que

non teñan sido disfrutados, poderán disfrutarse nos termos da normativa vixente anteriormente citada, debendo cingirse en todo caso ao establecido no artigo 48, letras f) e g) e artigo 50 da Lei 7/2007.

Debe salientarse, igualmente, que o Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo, suspende a eficacia dos convenios colectivos, pactos e acordos que contradigan ao disposto na propia lei, tal e como recolle o artigo 16:

“Se suspenden y quedan sin efecto los acuerdos, pactos y convenios para el personal del sector público definido en el artículo 22 de la Ley 2/2012, de 29 de junio, de Presupuestos generales del Estado, suscritos por las Administraciones públicas y sus organismos y entidades que contengan cláusulas que se opongan a lo dispuesto en el presente título.”

IV.- Vistas as competencias en materia de persoal delegadas ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal pola Excm. Alcaldía-Presidencia en Decreto de data 07.02.2013 e pola Xunta de Goberno Local en acordo de data 08/02/2013, e de conformidade coa motivación que antecede, elévase ao dito órgano municipal a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Desestimar a solicitude formulada en escrito de data 10/05/2013 (documento administrativo nº 360148829M) por D^a Iolanda Alonso Regueiro, con nº de persoal 79394, funcionaria municipal con praza de auxiliar de Administración Xeral en canto ao disfrute do permiso de paternidade no suposto de inexistencia da filiación paterna en unidade familiar de carácter monoparental, en atención á motivación exposta no informe-proposta que antecede.

Segundo.- Estimar as restantes pretensións exercitadas, se non teñen sido disfrutadas, en relación ao disfrute dos 7 días de vacacións correspondentes ao ano 2012 e á acumulación do permiso de lactancia, que debrán cingirse en calquera caso aos termos do establecido na normativa vixente (artigo 48, letras f) e g) e artigo 50 da Lei 7/2007 en relación co disposto no artigo 16 do RD-Ley 20/2012, do 13 de xullo.

Terceiro.- Da presente resolución dése traslado á interesado, Área de Réxime Interior (Xefatura da Área e auxiliar de Inspección de Persoal), Servizo de Recursos Humanos (Negociado de Seguridade Social), aos efectos que procedan.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno acorda aprobar a precedente proposta.

20(697).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL CORRESPONDENTE AO MES DE MAIO 2013. 24178/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 07-06-2013, da técnico de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa do Servizo e máis polo concelleiro-delegado; visto así mesmo o informe da Intervención do 14-06-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega e que comezan por don José Luis Hermida Rodríguez e remata por don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de Maio-2013, e que ascenden a un total de 649'46 € (seiscentos coarenta e nove euros con coarenta e seis céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións.

21(698).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL POR SERVICIOS DE GRAN GALA CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO DÍA DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 24176/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 07-06-2013, da técnico de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa do Servizo e máis polo concelleiro-delegado; visto así mesmo o informe da Intervención do 14-06-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo do acto "Celebración Día da Policía Local", aboarase ao persoal da Policía Local que figura na relación que se achega no expediente e que comeza por don Jesús Iván Abalde Casanova e remata por don José Antonio Castro López, por unha cantidade total de 474,32 € (catrocentos setenta e catro euros con trinta e dous céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións.

22(699).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE MAIO 2013. EXPTE. 24185/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 07-06-2013, da técnico de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa do Servizo e máis polo concelleiro-delegado; visto así mesmo o informe da Intervención do 14-06-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de Complemento de produtividade

aboaase o persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura na relación que se achega e que comencan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Maio-2013 e que ascenden a un total 611'00 € (seiscentos once euros), con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUTIVIDADE.

23(700).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE AO MES DE MAIO 2013. EXPTE. 24177/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 07-06-2013, da técnico de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa do Servizo e máis polo concelleiro-delegado; visto así mesmo o informe da Intervención do 14-06-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo de Cemiterios, aboaase aos traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de Maio de 2013, e que ascenden a un total de 1.215'76 € (mil douscentos quince euros con setenta e seis céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUTIVIDADE.

24(701).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AO MES DE ABRIL 2013. EXPTE. 24114/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 21-05-13, do técnico de organización e planificación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado; visto así mesmo o informe da Intervención, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	TOTAL FESTIVAS	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS
Alcaldía	abril	De Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	486,42	76,16
Policia Local	abril	De Abalde Casanova, Jesús I. a Vivero Mijares, Juan Guillermo	44.269,97	27.863,68
Parque Móbil	abril	De Alonso González, Ángel a Troncoso Martínez, Avelino	634,16	747,32
Extinción Incendios	abril	De López Landesa, Félix J. A Vázquez González, Domingo	1.358,76	149,60
Cemiterios	abril	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	2.127,62	0,00
Montes, Parques e Xardíns	abril	De Casas Iglesias, Alfonso a Pérez Da Silva, Eduardo A.	361,80	0,00
Limpeza	abril	De Hermida Sanmartín, Juan José a Lago Lago, José	261,30	421,60
Desinfección	abril	De Pardellas Avión, A. Avelino a Seijas Álvarez, José Ramón	192,96	174,08
Parque Central	abril	De Aira Pereiro, Emilio a Rodríguez Leiros, Alfonso	968,82	783,36
Museo	abril	De Ogando López, José M. a González Bello, Andrés	349,74	
IMD	abril	De Alves Cerqueira, Antonio	174,87	35,36
Vías e Obras	marzo	De Alonso Correa, José a Portomeñe Correia, Lucía	104,52	0
TOTAIS.....			51.290,94	30.251,16

Os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 81.542,10 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

25(702).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTE AO MES DE MAIO 2013. EXPTE. 24179/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 11-06-13, da técnico de avaliación e formación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado; visto así mesmo o informe da Intervención do 14-06-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	APELIDOS E NOME	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	maio	De Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	558,78	127,84	686,62
Policia Local	maio	De Abalde Casanova, Jesús I. a Vivero Mijares, Juan G.	45.027,06	27.973,84	73.000,90
Parque Móbil	maio	De Alonso González, Ángel a Riveiro Rodríguez, José	438,18	772,48	1.210,66
Extinción Incendios	maio	De Alonso Covelo, Vicente a Villar Dominguez, Manuel	2.371,80	244,80	2.616,60
Cemiterios	maio	De Alfonso Paz, Jesús a Vila-	2.448,18	0,00	2.448,18

		nova Acuña, Delmiro			
Montes, Parques e Xardíns	maio	De Casas Iglesias, Alfonso a Pérez Da Silva, Eduardo A.	402,00	0,00	402,00
Limpeza	maio	De Arango Fernández, Luciano a Lago Lago, José	345,72	424,32	770,04
Parque Central	maio	De Aira Pereiro, Emilio a Oliveira Quintas, Manuel	992,94	758,88	1.751,82
IMD	abril	De Alves Cerqueira, Antonio	174,87	13,60	188,47
TOTALS			52.759,53	30.315,76	83.075,29

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 83.075,29 € , con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

26(703).- RECLAMACIÓNS DE AXUDAS DE ESTUDIOS CON CARGO AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL 2012-2013. EXPTE. 24150/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 31-05-13, da xefa do servizo de RR HH, conformado polo concelleiro-delegado de área e visto así mesmo o informe da Intervención Xeral Municipal do 13-06-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar as reclamacións de axudas por estudos propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de data 22/05/2013, por importe total de 2.310,00 € (DOUS MIL TRESCENTOS DEZ EUROS) acordando, en consecuencia, que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social, aos empregados/as públicos municipais que se indican, cos importes que se especifica para cada un deles:

NOME	DNI	Nº Persoal	Euros
Alonso Rodriguez Alfonso	36026596	13764	115
Bastos Rodriguez Fernando	36033840	14344	115
Castro Mera Carlos	32666906	78779	240
Comesaña Arribas Luis Felipe	139795	11239	135
Conde Rodriguez Alfonso	36045666	16308	240
Fernández Otero Carlos	36124908	76479	115
Garcia Caride Rubén	36154454	78752	115
González Campelo Manuel	35997315	23656	160
Martinez Pardo Santiago-Jesús	36096616	77039	150
Neira Henche Francisco J.	36051902	17130	85
Pérez Medrano Esther	34927407	14999	290
Romero Gil-Delgado Loreto	36064307	78929	230
Sande Vázquez José Antonio	36081856	22970	320
SUMA TOTAL			2310

Segundo.- Denegar a reclamación presentada por D. Baltasar López Pérez, por non figurar o fillo na renda.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

27(704).- RECTIFICACIÓN DE ERRO ARITMÉTICO EN ACORDO XUNTA DE GOBERNO LOCAL (EXPTE. 23475/220). EXPTE. 23991/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 14-05-13, da xefa de negociado de Réxime Interior, conformado pola xefa do servizo e máis polo concelleiro-delegado; visto así mesmo o informe da Intervención Xeral do 07-06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, o erro aritmético detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 7 de decembro de 2012 (expte. 23475-220), no seu apartado segundo, no que respecta á cantidade a ingresar na conta do Xulgado do Social Nº 3 debendo figurar “54.476,23 € “no lugar dos “52.835,51 €” contemplados.

Segundo.- En consecuencia dar cumprimento a providencia de dito Xulgado do Social Nº 3 pola diferenza polo importe xa ingresado e o que correspondería ter ingresado na cantidade de 1.640,89 € mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274- debendo indicar en concepto: expte. 3628 0000 64 007212.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 3 de Vigo ós oportunos efectos en relación coas resolucións xudiciais executadas a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial.

Cuarto.- Iniciar pola Tesourería Municipal o procedemento para reintegro de 1.152,85 € correspondentes a IRPF indebidamente deducido a traballadora D^a M^a Tatiana Núñez Vázquez e ingresados na Facenda Pública no 190 correspondente ao ano 2012.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdic-

ción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

28(705).- CONCESIÓN DOS PREMIOS REINA SOFÍA 2013 DE ACCESIBILIDADE UNIVERSAL DE MUNICIPIOS. EXPTE. 1933/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 20.06.13, conformado polo concelleiro de Área de Fomento, que di o seguinte:

Antecedentes

No BOE de data 9 de maio pasado publícase resolución do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade de data 4 de abril do Real Padroado sobre Discapacidade, pola que se convoca a concesión dos premios Reina Sofía 2013, de accesibilidade universal de municipios.

A finalidade destes premios é recompensar aos municipios que desenrolaron unha labor continuada, nun período non inferior a cinco anos, no campo de accesibilidade universal das persoas con discapacidade ao medio físico, a educación, o ocio, a cultura, o deporte, o transporte, o turismo e as novas tecnoloxías da información e da comunicación.

O Concello de Vigo considera convinte acollerse á citada resolución e presentarse aos citados premios.

Ao obxecto de presentación da solicitude indicada, é necesario que previamente sexa aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Por todo o anteriormente exposto, faise a Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Solicitar por parte do Concello de Vigo a participación na convocatoria dos premios Reina Sofía 2013 de accesibilidade universal de municipios, co "Programa de políticas municipais para a mellora da accesibilidade universal do Municipio de Vigo (Pontevedra).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(706).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.